



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**

PEC 2022

Proxecto Educativo do Centro



IES Isidro Parga Pondal

Estado: aprobado.

1	Introdución	3
2	Principios filosóficos	4
3	Estilo do Centro	7
3.1	Valores fundamentais	7
3.2	Atención a diversidade	8
3.3	Axenda dixital e modernización educativa	10
3.4	Formación permanente do profesorado	12
3.5	Plan de convivencia	12
4	Análise do contexto	14
4.2	Historia do IES Isidro Parga Pondal	15
4.3	O pasado do centro: os últimos 25 anos	16
4.4	O Futuro do centro: os próximos 12 anos	18
5	Deseño dos obxectivos xerais de centro	20
5.1	Adecuación ao contexto do centro dos obxectivos xerais de etapa	20
5.2	Obxectivos xerais da ESO	21
5.3	Obxectivos xerais do bacharelato	22
5.4	Obxectivos xerais da formación profesional	24
5.5	Obxectivos xerais da educación para persoas adultas	25
5.6	Obxectivos xerais da Aula Mentor	28
5.7	Obxectivos prioritarios no PEC que poden afectar ao NOF	30
6	Sistema de participación	31
6.1	Na aula	31
6.2	Departamentos e Comisión de Coordinación Pedagóxica	31
6.3	Niveis de coordinación	31
6.4	Titoría	32
6.5	O departamento de Orientación	33

*O traballo do mestre non consiste tanto en ensinar todo o aprendible,
como en producir no alumno amor e estima polo coñecemento.*

John Locke (1632, 1704)

*Para vivir hay que ser libre, para ser libre hay que tener el pensamiento libre y para tener el
pensamiento libre hay que educarse.*

José Luis Sampedro (1917, 2013)

1 Introducción

O proxecto educativo do centro (en adiante PEC) é o documento institucional no que se plasman os valores, obxectivos e prioridades de actuación dun centro educativo. É neste documento onde se recollen as formas de atender á diversidade do centro, sendo un referente para a elaboración das programacións didácticas (en adiante PD) nas que se concretarán as diferentes medidas que se van a adoptar, para as Normas de Organización e Funcionamento (en adiante NOF) e o Programa de Orientación e Acción Titorial (en adiante POAT ou PAT).

Así pois o PEC é un instrumento que marca o carácter propio e personalidade do Centro referido a todo o ámbito educativo, tanto a nivel organizativo e de xestión como a nivel docente e pedagóxico. Enumera e define as súas notas de identidade e propicia unha maior unidade de criterios en todos os ámbitos da actuación educativa.

Axuda, ademais, a establecer prioridades, que teñen que ser operativas no plan anual e nas programacións da actividade docente, de modo que cheguen aos alumnos e poidan avaliarse e, dado que é un compromiso firme por parte da comunidade, nunca debe concibirse como acabado ou inalterable.

Este documento debe asumir a diversidade do alumnado que escolariza e, polo tanto, facilitar a elaboración dunha organización e un proxecto curricular que permitan dar resposta educativa acertada aos alumnos por parte do equipo de profesores e profesionais que traballan no centro.

Ten que servir, por último, como fonte consultiva para establecer os principios de identidade, os

obxectivos institucionais e o organigrama xeral do centro con fin de definir unha liña de actuación común que sirva de punto de referencia para conseguir o nivel necesario de coherencia no centro educativo e dar publicidade á comunidade educativa das liñas de actuación de todo o colectivo.

2 Principios filosóficos

Educación, para que? Para ser ceibes e responsables, establece o artigo 1º da [Constitución da UNESCO](#). A Educación libera e a liberdade é o don supremo da especie humana. A **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** (1948) expresa no seu artigo 26º:

[...] Toda persona tiene derecho a la educación [...] que tendrá por objeto el pleno desarrollo de la personalidad humana y el fortalecimiento del respeto a los derechos humanos y a las libertades fundamentales; favorecerá la comprensión, la tolerancia y la amistad entre todas las naciones y todos los grupos étnicos o religiosos, y promoverá el desarrollo de las actividades de las Naciones Unidas para el mantenimiento de la paz.

Anos máis tarde, as Nacións Unidas deu especial relevancia a protección aos menores por medio dun tratado internacional firmado en 1989 chamado **Convención dos Dereitos dos Nenos**, a través do cal salientábase que os nenos teñen os mesmos dereitos que os adultos, e sublíñanse aqueles dereitos que se desprenden da súa especial condición de seres humanos que, por non alcanzar o pleno desenvolvemento físico e mental, requiren de protección especial. Neste documento podemos ler (artigo 29º) que a educación do menor debe estar dirixida a “*desarrollar la personalidad, las aptitudes y la capacidad mental y física del niño hasta el máximo de sus posibilidades; [...] preparar al niño para asumir una vida responsable en una sociedad libre, con espíritu de comprensión, paz, tolerancia, igualdad de los sexos y amistad entre todos los pueblos, grupos étnicos, nacionales y religiosos y personas de origen indígena*”.

Co paso do tempo estes principios fundamentais teñen que ser partícipes e acompañar os cambios que toda sociedade experimenta no seu desenvolvemento constante e continuo para non perder a súa vixencia e seguir estando presentes. Unha das posibilidades para mantelos na conciencia colectiva é que formen parte fundamental da educación das persoas que forman esa sociedade.

Esa capacidade de adaptación aos novos tempos ten que ser equivalente á dos centros educativos,

que **non poden ser alleos á realidade social na que desenvolven o seu labor**. As modificacións e transformacións que sofre a sociedade, da que os centros educativos forman parte, delinean e delimitan a capacidade de actuación que todo centro educativo pode levar a cabo. É dicir **os centros educativos non poden exercer a súa actividade sen atender ao que sucede ao seu redor**.

Por este motivo é fundamental entender os últimos cambios que ten sufrido a nosa sociedade, cambios que alteraron non só o armazón social, ademais e moi profundamente o mercado laboral. Estas transformacións baséanse en tres principios fundamentais: a formación permanente, a mobilidade e a pluralidade formativa.

Estes condicionantes permiten que todo centro axuste e estableza unha **oferta educativa que sexa unha garantía de futuro** ao tempo que **asegura unha adaptación do alumnado** a novas formas de comportarse e entender o estudo que o habilite para incorporarse tanto aos estudos superiores como a ciclos formativos que axilicen a súa entrada no mercado laboral.

Polo tanto, o reto é dobre. Por un lado, hai que atender as necesidades de aqueles que queren seguir no sistema educativo e acceder a estudos superiores (nas súas diversas posibilidades) e proporcionar a formación básica e o asesoramento suficiente a outros para incorporarse a ciclos formativos e a moverse no actual mercado laboral, dominado pola temporalidade e a mobilidade.

Hai que contar ademais co novo marco legal en que os centros educativos deben desenvolver o seu labor. Establece este principios básicos como a colaboración e o traballo en equipo para poder facer fronte ás consecuencias da globalización e do impacto das novas tecnoloxías. Principios que deberían verse reflectidos en actividades interdisciplinarias que favorezan o achegamento e aproximación do alumno ao mundo que lle rodea.

Ademais, este marco normativo apunta as medidas que se implantaron a nivel internacional para mellorar de *“forma relativamente rápida a calidade do sistema educativo”* (LOMCE, preámbulo), é dicir, simplificación do currículo, reforzo dos coñecementos instrumentais, flexibilización de traxectorias, etc, sen esquecer a cooperación entre os centros, a creación de redes de apoio e aprendizaxe compartido.

Esta forma de entender o acto educativo non pode prescindir de dúas realidades que cada día contan maior protagonismo. Hai que ofertar un **modelo inclusivo** que garanta as posibilidades de todos de utilizar e beneficiarse dun servizo público e hai que dixitalizar ese modelo se a intención é



**XUNTA
DE GALICIA**

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Proxecto Educativo do Centro

IES Isidro Parga Pondal

Rúa do Muíño da Pintura, 4. 15100, Carballo. A Coruña.

ter posibilidades de futuro.

3 Horario do centro

1.1. Os horarios do Centro.

Por defecto e de non existir aviso ou información previa, na xornada laboral o IES Isidro Parga Pondal abre as súas portas ás 8.00h da mañá, e péchaas ás 22:00h de luns a venres.

O Centro conta cun acceso a vehículos reservado para os membros da comunidade e pechado mediante un portón automático. Dito portón permanecerá pechado de noite e en horario diúrno, coa excepción de permanecer aberto nas entradas e saídas da ESO.

Os membros da comunidade educativa poden alugar un mando para abrir o portón, depositando o prezo estipulado en conserxería, que poderán recuperar cando devolvan dito mando en perfecto estado.

Segundo a etapa educativa que se imparte no centro a partir do curso 2022-23 os horarios específicos son:

Educación Secundaria Obligatoria (ESO)	Luns a venres, de 8:30h a 14:00h Luns, de 16:20h a 18:00h
Bacharelato	Luns a venres, de 8:30h a 14:00h Luns, de 16:20h a 18:00h
Ciclos Formativos de Grao Superior CFGS/ASIR	Luns a venres, de 8:30h a 14:00h Luns e mércores, de 15:30h a 18:00h
Ensinanzas Básicas Iniciais (EBI)	de 16:15 a 22:00h
Educación secundaria para persoas adultos (ESPA)	Luns a xoves de 16:15 a 22:00h
Bacharelato para adultos	de 16:15 a 22:00h en xeral
Formación aberta <i>online</i> (aula Mentor)	Horario variable. Consultalo horario na conserxería.

Durante os meses de xullo e agosto o Centro permanecerá aberto co seguinte horario:



Mes	Horario	Servizos
Xullo (*)	de 8:30h a 11:30h	Conserxería
Xullo (*)	de 9:00h a 11:30h	Administración
Agosto (*)	de 10:30h a 11:30h	Conserxería

(*) Comprobar sempre na páxina web do centro.

4 Estilo do Centro

Como non pode ser de outra forma, o Proxecto Educativo do IES Isidro Parga Pondal herda os principios das diferentes leis que desde o inicio da democracia foron desenvolvéndose e aplicándose ano tras ano no noso país; delas extraeremos os **principios fundamentais e a nosa razón de ser**:

- ❖ A esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todo os cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis educativos: **principio de calidade**.
- ❖ Garantir unha igualdade efectiva de oportunidades, prestando os apoios necesarios, tanto ao alumnado que o requira como aos centros educativos onde están escolarizados; e especialmente o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como na prevención da violencia de xénero: **principios da equidade e igualdade entre homes e mulleres**.
- ❖ A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no acoso escolar: **principios da convivencia e prevención de conflitos**.
- ❖ O **esforzo**, que resulta indispensable para acadar unha educación de calidade, debe aplicarse a todos os membros da comunidade educativa. Relacionado co esforzo, a concepción da educación como un **proceso de aprendizaxe permanente**, que se desenrola a o longo de toda a vida. Tamén dando exemplo por medio do do fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a **innovación** educativa: **principio de disciplina positiva**.
- ❖ A **atención a diversidade** para adecuar a educación as diferentes aptitudes, intereses, expectativas

e necesidade do alumnado, así como aos cambios que experimente o alumnado e a sociedade.

- ❖ A necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para acadar os obxectivos reflectidos neste documento, especialmente o recoñecemento do papel que corresponde as nais, pais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos e fillas: **principio de responsabilidade compartida**.

4.1 Valores fundamentais

Concibimos o centro escolar como reflexo da sociedade que nos gustaría axudar a conseguir, como un lugar onde aprender valores positivos e interaccionar segundo eles.

Pensamos nun centro rexido polos principios democráticos de igualdade de dereitos, obrigas e oportunidades entre as persoas, no que prevaleza a inclusión, a disciplina positiva e a solución pacífica de conflitos, que forme a cidadáns críticos, activos e implicados na mellora do seu entorno.

Intentamos formar ao individuo completo, proporcionando coñecementos e competencias adecuadas ás necesidades da sociedade actual pero que tamén permitan a autoformación permanente para que o noso alumnado se adapte ás diferentes realidades sociais e contextos nos que se deberá desenvolver.

Debemos ofrecer unhas ensinanzas con contidos e metodoloxías significativas, útiles e prácticas e unha formación específica afectivo-social que prepare para a vida. Inculcaremos valores que poñamos en práctica na actividade diaria como a cooperación e a solidariedade, a través do traballo en equipo e as tomas de decisións compartidas, a comunicación e o diálogo para a solución de conflitos e mellora da convivencia.

Procuraremos ofrecer unha formación que axude a crear individuos responsables como cidadáns: como consumidores, co medio ambiente, co uso das novas tecnoloxías, coa saúde e coidado corporal, sensibles ante as necesidades dos outros, empáticos, con autoestima positiva como para ser capaces de enfrontarse aos retos da vida sen frustración ou medo e sendo conscientes da necesidade do esforzo persoal e a colaboración para superar as dificultades que a nosa sociedade nos presenta.

4.2 Atención a diversidade

Concíbese a orientación educativa e a atención á diversidade como unha acción transversal que

abarca o ámbito persoal, académico e profesional que esixe coordinación e traballo en equipo: con profesores, familias, servizos externos, centros adscritos...O obxectivo desta acción orientadora é lograr un centro inclusivo, que asegure a presenza, aprendizaxe e participación de todos, fronte a segregación, o fracaso escolar ou a marxinación.

As actuacións prioritarias no ámbito da atención á diversidade serán:

- A prevención e intervención temperá, co obxectivo de evitar as dificultades que orixinan o fracaso escolar e o abandono dos estudos. A prevención esixe unha pronta e completa avaliación psicopedagóxica e diagnóstica de necesidades ao inicio de cada curso e o establecemento das medidas educativas adecuadas a cada caso, sempre en colaboración co profesorado. A avaliación diagnóstica deberá centrarse nos aspectos cualitativos máis que nos cuantitativos, nas potencialidades máis que nas limitacións ou dificultades de cada individuo.
- A avaliación continua dos procesos de ensino aprendizaxe, en coordinación co profesorado, permitirá coñecer a adecuación das medidas adoptadas e establecer as revisións oportunas ou a reversibilidade das mesmas, en función do aproveitamento e a evolución do alumno/a. Avaliáanse todas as intelixencias e competencias que son distintas en cada individuo e configuran a súa identidade e personalidade.
- A aprendizaxe continua, que garanta o maior nivel de logro en todas as competencias establecidas no currículo e o progreso constante de cada alumno/a en función das súas características e necesidades individuais.

Si a atención á diversidade debe responder ao principio da educación inclusiva, debe afectar a todo o alumnado pero ao mesmo tempo debe responder ás necesidades dos máis vulnerables, así as medidas de apoio serán sempre as máis ordinarias posibles para favorecer a integración do alumnado e a optimización dos recursos dispoñibles, establecendo o apoio fóra da aula ordinaria para o alumnado que máis máis necesidades educativas presenta e que requiren adaptacións do currículo significativas.

Na práctica das aulas e impregnando a política educativa do centro (a través das Programacións didácticas) estableceranse medidas como a flexibilización dos procesos e probas de avaliación, a atención e avaliación individualizada, a adecuación realista de obxectivos e contidos as capacidades dos alumnos e a variedade de metodoloxías, recursos e temporalización para dar resposta á gran diversidade de alumnado que atendemos no centro.

A atención á diversidade debe atender os aspectos emocionais e motivacionais que correlacionan estreitamente co rendemento escolar, a conduta e o ámbito social. Neste aspecto é importante desenvolver as medidas de atención á diversidade curriculares (reforzos, agrupamentos, adaptacións curriculares...) en paralelo a programas socio-afectivos: de habilidades sociais, de mellora da motivación escolar, etc.

A atención á diversidade e a educación inclusiva esixe tamén:

- **Colaborar e coordinar actuacións cos centros adscritos:** favorecer o traspaso de información e xestión da documentación do alumnado procedente dos centros adscritos (informes, expedientes...) que permitan a continuidade das actuacións e medidas de atención individualizadas ao longo da escolaridade de cada alumno/a.
- **Favorecer a apertura do centro ao entorno:** Actuacións para favorecer a necesaria colaboración e coordinación cos servizos externos: Equipo de Orientación Específico (EOE) , Servizos Sociais, profesionais que atenden ao noso alumnado (psicólogos, logopedas, etc.)
- **Fomentar a participación e implicación das familias na educación das súas fillas e fillos:** As actuacións neste aspecto pasan pola información continua sobre o proceso de aprendizaxe do seu fillo e as medidas adoptadas en cada caso, solicitando a súa colaboración e asesorando para mellorar eses procesos.
- **Potenciar a formación do profesorado e a súa implicación efectiva** no ámbito da atención á diversidade e a educación inclusiva mediante o fomento do traballo en equipo, a dotación de recursos suficientes e a formación permanente.
- **Desenvolver medidas específicas que favorezan a convivencia e a solución de conflitos.** Nun centro como o noso, que está escolarizando alumnado con necesidade educativas procedente dos colexios de Carballo, debemos favorecer que todos se sintan integrados e se perciba a diversidade como oportunidade de enriquecerse mutuamente, de ensinar aos outros e aprender deles. Isto esixe coidar a convivencia e a prevención de conflitos. O equipo de mediación e convivencia do centro debe continuar o traballo conxunto e coordinado co departamento de orientación para que o noso centro sea un espazo educativo e de aprendizaxe social dirixido polos principios da disciplina positiva: buscar solucións máis que corrixir, comprender máis que castigar. Establecer medidas educativas paralelas ás sancionadoras para aproveitar o conflito como oportunidade de aprendizaxe e práctica social.

4.3 Axenda dixital e modernización educativa

O sector educativo non foi alleo o auxe das **Tecnoloxías da Información e a Comunicación** (TIC) as últimas décadas. Este auxe non so facilitou a forma no que o aprendizaxe se levaba a cabo nas aulas, si no tamén fora de elas e na relación entre docentes, familias e a administración educativa. En xeral as TIC convertéronse nunha ferramenta vertebradora dentro da comunidade educativa.

Como **recurso pedagóxico**, as TIC evolucionaron dende ser consideradas unha materia máis, a ter a entidade dun medio máis do aprendizaxe. Dita evolución materializouse mediante o uso de equipos informáticos no aula, recunchos de traballo, pizarras dixitais, portátiles para o alumnado, etc., ademais dunha necesaria formación e educación dixital para a súa aplicación. Sen embargo, esta dotación de material e formación só é un primeiro banzo do que debería ser a inmersión das aulas nun mundo puramente dixital. Toda esta inversión ten que verse correspondida cunha inversión en **competencias dixitais** por parte de los docentes. No ano 2012 estableceuse un marco común para concretar itinerarios formativos co obxectivo de cubrir e acreditar os distintos niveis de competencia dixital (ver [INTEF](#)).

Co dito, queda claro que o uso destas tecnoloxías en educación non son suficientes para o proceso de aprendizaxe óptimo. Por ese motivo desenvolvéronse as **Tecnoloxías do Aprendizaxe e o Coñecemento (TAC)** facendo referencia ao uso das **TIC como ferramenta formativa**. Usando outras palabras, as novas posibilidades que as tecnoloxías abren a la educación, cando estas deixan de usarse como un elemento instrumental.

Queremos destacar aquí a especial importancia que ten o uso das TIC/TAC para o alumnado. No momento de escribir este documento estamos ás portas dunha nova revolución tecnolóxica probablemente moito máis disrutiva cas anteriores. Nos próximos anos a influencia das TIC nas nosas vidas poderíase incrementar exponencialmente de modo que moitas profesións desaparecerán no futuro e outras tantas que aínda non existen, aparecerán. Neste contexto a formación permanente do cidadán será unha estratexia clave para o éxito individual, e as TIC/TAC o medio para acadalo.

Así pois **os centros educativos están obrigados** a proporcionar a contorna adecuada para o desenrolo individual de estratexias de aprendizaxe por medio do uso das novas tecnoloxías.

Tendo en conta o dito, as estratexias do centro desenvolveranse en varias dimensións:

1. A xestión administrativa e a comunicación coa comunidade educativa.
2. A forma en que os docentes usan as novas tecnoloxías para optimizar a súa labor e como recurso de aprendizaxe.
3. A forma en que o alumnado usa as novas tecnoloxías como medio para acadar os seus obxectivos.

No que respecta ao Plan Educativo, as diferentes dimensións concréntanse dos seguintes plans:

- Crear os canais de comunicación dixitais entre o centro e a comunidade: Abalar Móbil, redes sociais, mensaxería instantánea, etc. co obxectivo de achegar eficientemente a actualidade do centro os membros e acadar a retroalimentación necesaria para mellorar día a día.
- Proporcionar as condicións necesarias para incrementar curso tras curso as competencias do claustro en materia de novas tecnoloxías e a súa introdución nas aulas por medio do máis avanzado material TIC e os adecuados plans de formación do profesorado para o seu aproveitamento.
- A procura constante, ou creación, do mellor contido dixital para o seu uso nas aulas por parte dos docentes.
- Facilitar na medida do posible o uso das TIC/TAC por parte do alumnado, permitindo nas etapas educativas adecuadas o uso de dispositivos e software que permita a optimización do proceso de adquisición de novos coñecementos e novas aptitudes por parte do alumnado.

Todos estes plans non son illas illadas, senón plans que se cruzan e entrecruzan constantemente.

4.4 Formación permanente do profesorado

A formación permanente do profesorado constitúe unha das pezas clave dun sistema educativo que aspire á mellora da súa calidade. Nun contexto de cambios profundos na sociedade, o sistema educativo, en xeral, e a Administración educativa, en particular, debe estar en disposición de atender, segundo a súa responsabilidade, as demandas que recaen na profesión docente, mediante o deseño e a planificación das estratexias adecuadas e a creación das estruturas e das condicións que fagan posible a maior cualificación e formación do profesorado.

Neste contexto o centro mostrará liñas de actuacións en forma de plans de formación permanente nos seguintes eixos:

- Especialización na materia ou materias, así como a mellora das capacidades e habilidades individuais.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).
- A aplicación das TIC nas metodoloxías de aprendizaxe e coñecemento (TAC).

- Aprendizaxe de novas técnicas e metodoloxías de atención a diversidade.
- Innovación educativa.

4.5 Plan de convivencia

A pretensión é ter un plan útil e actualizado permanentemente que manteña e mellore o traballo realizado nos pasados cursos, coa finalidade de acadar un ambiente de convivencia óptimo para o aproveitamento dos recursos educativos da comunidade.

O obxectivo fundamental do Plan de Convivencia será a transmisión e posta en práctica no noso centro educativo dos valores democráticos: do respecto mutuo, igualdade de dereitos e participación activa na vida comunitaria. O outro gran obxectivo será aprender a resolver de forma pacífica os conflitos mediante o diálogo e á negociación, instaurando no centro a cultura da paz.

Consideramos que o fomento dunha boa convivencia, baseada nos principios citados, debe ser un obxectivo prioritario, compartido e asumido por toda a comunidade educativa, válido en si mesmo pero pilar fundamental e instrumento para mellorar o rendemento académico e o clima de satisfacción e benestar dentro das aulas, aspecto que non resulta secundario na actualidade, nas que as ratios son elevadas, os recursos dispoñibles son moi xustos e hai unha gran diversidade de alumnado que atender e que xa entra no centro condicionado por múltiples e complicadas circunstancias, en moitos casos: persoais, familiares, económicas, sociais...

Tal e como aparecen no Título I, artigo 3 da lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, os obxectivos deste Plan de Convivencia son os seguintes:


- ❖ Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que faga efectivo o dereito e o deber do alumnado de aproveitar de xeito óptimo os recursos que o Centro pon a súa disposición.
- ❖ Garantir unha convivencia baseada no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- ❖ Prever e tratar a situación de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- ❖ Recoñecer ao profesorado e especialmente ao equipo directivo do IES as facultades precisas para prever e corrixir condutas contrarias á convivencia.
- ❖ Corresponsabilizar aos pais ou titores legais no mantemento da convivencia no centro.



- ❖ Promover a resolución pacífica de conflitos, fomentando os valores da cultura da paz.
- ❖ Seguir avanzando na mellora da convivencia, baseada no respecto mutuo entre todos os membros da comunidade.
- ❖ Sensibilizar aos distintos sectores da importancia do aprendizaxe da convivencia como eixe fundamental para o desenvolvemento social e persoal dos alumnos.

5 Análise do contexto

O IES Isidro Parga Pondal sitúase en Carballo.



Cunha superficie de 187 km², Carballo é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados. Os seus 31.000 habitantes agrúpanse en 314 entidades de poboación e 18 parroquias. O 60% dos habitantes do concello concéntranse no seu núcleo urbano, a carón do río Anllóns.

5.1 Análise socioeconómica do contorno

Moitos son os motivos que propiciaron o desenvolvemento económico do municipio. Sen dúbida, a situación xeográfica de Carballo foi un deles, xunto ás súas fértiles terras e uns habitantes laboriosos e emprendedores. Estes últimos xeraron a actual situación de progreso e modernidade que se aprecia hoxe en día en todos os sectores da economía do concello.

Carballo é na actualidade unha cidade con todo tipo de servizos e empresas. Estas dinamizaron nos últimos tempos sectores tan variados como o plástico, o automobilismo, o metal ou a maquinaria agrícola. Unha gran parte do sector empresarial carballés aséntase no polígono industrial de Bértoa, claro referente do crecemento económico do municipio e que proximamente ampliará a súa superficie en 1.272.489 metros cadrados.

Se hai un sector que destaca especialmente no concello é o seu forte e competitivo comercio, que atrae compradores de toda a comarca. Todos os xoves e os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes ten lugar a feira, na que é posible adquirir todo tipo de produtos agrícolas.

O municipio de Carballo conta cunha renda por habitante superior aos 10.000 euros, semellante a

outras vilas de Galicia, de semellante poboación. O índice de actividade económica sitúase na media de Galicia, destacando a gran cantidade de vehículos, tanto turismos como camións. Isto é reflexo de que o municipio ten dende hai moitos anos, unha gran tradición comercial orientada sobre todo ao pequeno comercio e incluso á venda ambulante en feiras e mercados. A zona de influencia tanto económica como comercial é A Coruña xunto coa súa área metropolitana. As actividades económicas máis salientables son o pequeno comercio tradicional, o emprego no sector servizos e sobre todo na construción e no sector inmobiliario. A agricultura e gandaría foron perdendo peso ao longo dos anos, o que provocou o éxodo rural ás grandes cidades españolas e sobre todo europeas. Para o emprego feminino destaca a influencia da ubicación da factoría conserveira Calvo no municipio.

5.2 Historia do IES Isidro Parga Pondal


O centro abriu a súas portas o curso 1993/1994, e desde entón pasou por diferentes leis educativas e ofreceu diferentes ofertas pedagóxicas:

Curso	Lei educativa	Oferta do centro
1993/1994 1994/1995	LOGSE	ESO
1995/1996	LOGSE	ESO, bacharelato ciencias da natureza e a saúde.
1996/1997 1997/1998 1998/1999	LOGSE	ESO, bacharelato ciencias da natureza e a saúde, bacharelato tecnolóxico. Ciclo superior Animación Actividades Físicas e Deportivas.
1999/2000	LOGSE	ESO, bacharelato ciencias da natureza e a saúde, bacharelato tecnolóxico. Ciclo superior Animación Actividades Físicas e Deportivas. Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións.
2000/2001	LOGSE	ESO, bacharelato ciencias da natureza e a saúde, bacharelato tecnolóxico. Ciclo superior Animación Actividades Físicas e Deportivas. Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións. Educación Persoas Adultas (EPA).
2001/2002 2002/2003 2003/2004	LOGSE	ESO, bacharelato ciencias da natureza e a saúde, bacharelato tecnolóxico, bacharelato ciencias sociais e humanidades. Ciclo superior Animación Actividades Físicas e Deportivas. Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións. Educación Persoas Adultas (EPA).
2004/2005 2005/2006 2006/2007 2007/2008	LOGSE / LOE	ESO, bacharelato ciencias, ciencias sociais e humanidades, ciclo superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, EBI, ESA e bacharelato de adultos.
2008/2009 2009/2010 2010/2011	LOE	ESO, bacharelato ciencias, ciencias sociais e humanidades, ciclo superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, EBI, ESA e bacharelato de adultos. Aula Mentor.
2011/2012 2012/2013 2013/2014	LOE	ESO, bacharelato ciencias, ciencias sociais e humanidades, ciclo superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, EBI, ESA e bacharelato de adultos. Aula Mentor.


2014/2015 2015/2016	LOMCE/LOE	ESO, bacharelato ciencias, ciencias sociais e humanidades, ciclo superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, EBI, ESA e bacharelato de adultos. Aula Mentor.
2016/2017 2017/2018	LOMCE	ESO, bacharelato ciencias, ciencias sociais e humanidades, ciclo superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, EBI, ESA e bacharelato de adultos. Aula Mentor.
2021/2022 2022/2023	LOMCE/LOMLOE	ESO, bacharelato ciencias, ciencias sociais e humanidades, ciclo superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, EBI, ESA e bacharelato de adultos. Aula Mentor.
2023/2024	LOMLOE	ESO, bacharelato ciencias, ciencias sociais e humanidades, ciclo superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, EBI, ESA e bacharelato de adultos. Aula Mentor.

5.3 O pasado do centro: os últimos 25 anos


O análise da información histórica do Centro, mostra particularidades moi interesantes de cara a toma de decisións e a avaliación en xeral do Centro. Gracias a plataforma de xestión administrativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (XADE) podemos ter acceso da información **despersonalizada** do acontecido nos últimos 25 anos. Este punto vai a analizar estes datos tendo en conta que a súa calidade ven garantida desde o curso 2000/2001, antes diso non se pode garantir a súa obxectividade.



A gráfica de “matrículas por curso escolar”, relativas as etapas de ESO, bacharelato e Ciclos Formativos, moi dependentes da demografía do concello (especialmente a ESO), mostra a evolución desde o ano 2000 como unha lixeira onda cun máximo no curso 2002/2003 e un mínimo no curso 2009/2010. Desde entón pódese observar un lixeiro e continuado repunte. Pódese observar mellor este feito no seguinte gráfico, onde os datos de bacharelato de ciclos formativos exclúense para maior claridade. É moi importante relacionar esta suave pendente positiva co análise demográfico do concello no seguinte punto, o futuro no Centro os próximos 12 anos. Desde xeito pódese entender plenamente ámbolos dous gráficos.



No que respecta a ESO, o máximo que podemos ver no curso 2002/2003 correspóndese coa última etapa do paso dos fillos do *baby boom* (recordemos que os datos anteriores ao curso 2000/2001 non son subxectivos por parcialidade dos datos). Desde entón a natalidade foi mingando, aínda que no concello de Carballo tende a repuntar de novo nunha humilde pendente que comezou nos cursos 2009/2010 e 2011/2012.



5.4 O Futuro do centro: os próximos 12 anos

A evolución dende fai dezaioito anos da poboación na franxa de interese (que para nós será¹ de 10 a 19 anos ambos inclusive), experimentou unha notable diminución á vez que a poboación total aumentaba en case un 14% respecto a orixe (1998), mentres que a nosa franxa de interese diminuíu case un 33% nese mesmo período de tempo.

¹Non é posible axustalo a 12-18 anos dado que o INE publica os seus datos de poboación en franxas de 5 anos de ancho: 0-4, 5-9, 10-14, 15-19, etc. Dado que o centro imparte etapas de secundaria e bacharelato (ademais de adultos e un ciclo formativo), a franxa de onde extraemos os datos será o resultado de sumar as franxas 10-14 e 15-19. Cometemos un pequeno erro metodolóxico dende o punto de vista das matrículas do centro, pero este vese compensado ao só ter en conta os datos relativos de incremento ou decaemento de poboación na devandita franxa.

A mesma fonte permítenos estimar a evolución da franxa de interese durante os próximos dez anos, amosando un incremento de case un 12% dende a actualidade e recuperando valores propios de poboación do 2006. Este incremento é real, non é unha estimación. Isto significa que cabe esperar un lixeiro incremento da presenza en centros escolares no municipio de alumnos e alumnas de secundaria e bacharelato. Pero xorde unha pregunta: ¿seguirá a evolución positiva da poboación na franxa de interese?

Se percorremos os datos a nivel nacional do Instituto Nacional de Estatística, en concreto á nota de prensa emitida pola devandita institución en outubro do 2014², atopamos a estimación da evolución da poboación durante os próximos 50 anos, negativa en taxas que van dende o -0,15% na actualidade ata o estimado -0,56% no ano 2060. Isto é, un déficit constante no crecemento vexetativo da poboación Española. Para a nosa autonomía, o crecemento esperado dende a actualidade e ata o ano 2030, segundo a mesma fonte, é dun -7,6%. Así pois, estas fontes non despegan a dúbida sobre a orixe e a evolución do aumento de poboación municipal entre 10 e 19 anos durante os próximos dez anos.

Con todo si que nos aclara a nosa dúbida a estimación realizada por Nacións Unidas e que publicaron no 2015³. Na devandita estimación, podemos observar un pequeno repunte da poboación española de entre 0 e 19 anos, durante o período do 2010 ao 2020. Este pequeno incremento de aproximadamente un 5% a nivel estatal ben podería explicar o repunte esperado baseándonos nos datos do INE e mostrarnos que de seguir en pé as políticas actuais de natalidade e as tendencias de creación de familias e fertilidade, a poboación entre 0 e 19 anos de idade, a nivel estatal, diminúen apreciablemente ata alcanzar un -22% no 2100. É moi difícil facer un prognóstico máis local a nivel do municipio, pero é de esperar unha evolución similar, só matizado por movementos migratorios internos ou por desenvolvementos económicos imposibles de estimar nestes momentos.

²<http://www.ine.es/prensa/np870.pdf>

³<http://esa.un.org/unpd/wpp/Graphs/Probabilistic/POP/0-19/>

6 Deseño dos obxectivos xerais de centro

6.1 Adecuación ao contexto do centro dos obxectivos xerais de etapa

O PEC recolle, entre outros aspectos, os obxectivos xerais do centro, determinando o que se pretende acadar ao rematar as ensinanzas, seguindo as características do contexto educativo específico. Este está formado polas características do alumnado, as necesidades do alumnado, as posibilidades e medios e a concepción educativa que posúe a comunidade escolar.

Os obxectivos xerais, terán en conta as características concretas do noso centro e atenderán os seus obxectivos, seguindo o principio de autonomía dos centros educativos.

Para conseguir estes obxectivos temos que ter en conta as características dos nosos alumnos:

- A maioría procede de familia galega e rural e a súa lingua de expresión habitual é o galego.
- Grao de motivación e de madurez varía moito duns alumnos a outros. A avaliación serve para adaptar os obxectivos ao contexto concreto.
- Os obxectivos xerais de etapa deben dar resposta á diversidade do alumnado e, ao mesmo tempo, sentar as bases para estudos posteriores. Por este motivo, o centro establece unha optatividade e unha diversificación que responda ás expectativas e ás características do alumnado.
- Nivel educativo familiar, xa que os estudos que posúen os seus pais son, na súa maioría, estudos primarios.

Para acadar os obxectivos tamén teremos en conta as necesidades do alumnado que aparecen matizadas por dous principios fundamentais:

- O ensino diversificado e comprensivo, común e básico para o alumnado, que garanta a necesidade dunha igualdade de oportunidades educativas.
- A existencia de etapas cun dobre carácter:
 - Terminal, por unha parte.
 - Propedéutico, pola outra.

A consecución dos obxectivos xerais, vén marcada e mediatizada polas posibilidades e medios do centro:

- Profesorado.
- Biblioteca.
- Asociacións culturais e deportivas.
- Servizos de apoio externo: Servizos sociais, EOE, Universidade, empresa, etc.
- Patrimonio físico e cultural.

Por último, a consecución dos obxectivos xerais, vén determinada pola concepción educativa que ten a comunidade escolar, orientada a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- A realización persoal e integración na sociedade.
- A defensa do medio físico e social.
- Lograr a competencia lingüística.
- Estimular nos alumnos, a aprendizaxe por si mesmos.

6.2 Obxectivos xerais da ESO

Esta etapa ven sendo fundamental na formación do alumnado por abrialle novos camiños ao tempo que serve de ponte ou definición de estudos posteriores. Este motivo debe coordinar e dar foma aos obxectivos que perseguimos como centro educativo.

A incorporación de novos alumnos anualmente condiciona o primeiro obxectivo que hai que centrar en recibir e conseguir a adaptación ao noso centro do novo alumnado o antes posible, potenciando actividades que lles acheguen as nosas normas de organización e funcionamento para que as poidan coñecer e poñer en práctica.

Hai que ter en conta que moito dese alumnado procede de zonas rurais, en moitos casos illadas, polo que se fan convenientes todas as iniciativas encamiñadas a favorecer as relacións entre iguais, nas que predomine o respecto aos demais independentemente das súas circunstancias. Entre estas hai que ter en conta a todo o alumnado con diversas e complexas necesidades educativas que forma parte da nosa comunidade.

Este labor, que debe ser constante e prolongado no tempo, ten que ir acompañándose con outras dinámicas nas que ampliemos a visión que os alumnos poden ter formada do eido educativo. O noso esforzo deberá dirixirse non só a abrir novos campos de coñecemento, senón a manter o

respecto polos xa coñecidos, sen crear discriminacións entre materias e buscando a interacción entre elas.

Esta ampliación da súa visión debe estar sempre presente na metodoloxía utilizada, o que supón que toda a comunidade educativa debe utilizar os recursos ao noso alcance para conseguir o seu máximo rendemento. Capacitaremos neste sentido a alumnado no uso das novas tecnoloxías como ferramentas para a procura de información, ben en salas dotadas con ordenadores suficientes, ben na biblioteca escolar, ben en aulas dotadas para este fin con diversos proxectos (Abalar, ...).

Co paso do tempo hai que ofrecer aos alumnos a posibilidade de formarse en varias linguas estranxeiras, incluso coa oportunidade de impartir clases en diferentes idiomas. A isto hai que engadir que a corrección no uso dos idiomas propios sempre vaise ver asegurada con actividades de fomento da lectura. Estas circunstancias nos permitirán combater aquelas barreiras que imposibiliten o desenvolvemento persoal na diversidade.

Os novos cursos axudarán a construír este proceso de reafirmación persoal xa que eles poderán escoller as materias que perfilarán o seu futuro académico. Entran en xogo unha boa planificación e deseño de actividades extraescolares e complementarias que acheguen novas ou descoñecidas realidades, ao tempo que favorezan o coñecemento do entorno mais ou menos afastado da nosa comunidade autónoma e as xentes que forman e formaron parte do seu presente e da súa historia.

En definitiva, trataremos de crear un ambiente de traballo, onde predomine a creación, a investigación, participación e a colaboración entre os diferentes membros da comunidade educativa coa finalidade de dotar ao alumnado dunha visión de conxunto que lle permita elixir entre seguir no centro na etapa de bacharelato ou de optar pola oferta de formación profesional ao seu alcance.

6.3 Obxectivos xerais do bacharelato

O Bacharelato constitúe, ao tempo, unha elección e unha declaración de intencións por parte do alumnado. Cursar estes estudos supón que este alumnado está decidido a facer estudos superiores. O esforzo por parte de todos ten que concretarse en ideas claras que o capacite para eses estudos.

Por este motivos a consolidación de dinámicas adquiridas na ESO pasa a ser unha constante que debe acompañar o feito educativo. Agora o alumnado xa non está no centro por obriga legal, senón por elección propia. Esta circunstancia da inicio a unha etapa na formación do alumno en que debe asumir a responsabilidade dos seus estudos.

Por este motivo as dinámicas educativas deberían tender a partir de estes estudos a que o alumnado sexa capaz de organizarse, desenvolver as súas tarefas e utilizar os recursos ao seu alcance de maneira autónoma e creativa. Consecuentemente, o profesorado terá que proporcionarlle eses recursos e vixiar que a evolución do alumnado vai na dirección axeitada.

Todo este proceso ten que afianzar comportamentos e habilidades xa adquiridos, pero que agora teñen que materializarse en traballos en equipo que potenciarán a formación ben en laboratorios (tanto de ciencias como lingüísticos), ben na participación na organización e funcionamento do centro, por non falar de actividades deportivas.

Esta dinámica promoverá unha maior interacción entre os alumnos, así como un uso máis responsable e centrado no feito educativo das novas tecnoloxías como ferramentas para a formación e a aprendizaxe, ao tempo que abre portas a novas fontes de información que deberían utilizar co criterio suficiente para adaptalas ás súas necesidades formativas.

Non debe esquecerse que se logramos estes obxectivos a atención a diversidade para un amplo conxunto de alumnos está garantida, xa que a propia posta en marcha deste tipo de iniciativas permite o contacto entre eles e, por tanto, compartir esforzos que vén sendo un motor para achegar a uns cos outros.

Ao mesmo tempo non hai que descoidar a formación en linguas, algo que a nosa comunidade autónoma favorece ao contar con idioma propio. A lingua é a ferramenta fundamental para a comunicación e o traballo constante no seu uso correcto e equilibrado favorecerá a comunicación entre estudantes e profesores, entre estudantes e as fontes de información que precisan para lograr con éxito chegar ao final dos seus estudos e entre estudantes e axentes alleos ao centro que enriquezan a súa perspectiva e os acheguen ao mundo.

Outra necesidade desta etapa educativa consiste en formar aos alumnos para preparar unha avaliación externa (neste caso as ABAU), algo novidoso para o alumnado aínda que un primeiro paso dunha longa sucesión que poden atopar no mundo laboral. Se ven non todos optarán por

esta vía para seguir os seus estudos, si pode converterse nunha oportunidade para preparar ese tipo de probas que antes o despois van a atopar no seu futuro.

6.4 Obxectivos xerais da formación profesional

As ensinanzas de formación profesional teñen por obxecto conseguir que os alumnos e as alumnas adquiren as capacidades que lles permitan:

- Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados. Actualmente o *Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede*.
- Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.
- Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.
- Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Traballar en condicións de seguridade e saúde, e prever os posibles riscos derivados do traballo.
- Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais.
- Facer realidade a formación ao longo da vida e utilizar as oportunidades de aprendizaxe a través de distintas vías formativas para manter a actualización nos ámbitos social, persoal, cultural e laboral, conforme as súas expectativas, as súas necesidades e os seus intereses.

Así mesmo, a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

As ensinanzas ligadas á obtención dos títulos de FP estrutúranse en Ciclos Formativos coas seguintes características:

- Organización modular. Os contidos dos ciclos están organizados en módulos profesionais teórico-prácticos en función das competencias necesarias para o sector profesional ao que van dirixidos os estudos.
- Duración de 2000 horas en dous cursos académicos.
- Existen tres niveis de Ciclos Formativos: Grao Básico, Grao Medio e Grao Superior, orientados a



diferentes perfís de alumnos, ben polo rango de idades ben polas competencias que se acadan en cada un dos Ciclos.

- Módulo de FCT. Existe un módulo de Formación en Centros de Traballo que permite ao alumno unha primeira incorporación ao mercado laboral realizando prácticas relacionadas co ciclo en unha empresa do sector.

Actualmente no centro estase a impartir un Ciclo Formativo de Grao Superior da familia de Informática e Comunicacions. Estes estudos ofrecen a múltiples saídas laborais despois da súa finalización e a posibilidade de seguir formándose, permitindo o acceso a estudos universitarios.

6.5 Obxectivos xerais da educación para persoas adultas

No curso 2000/2001 a Consellaría implantou no noso centro o ensino de adultos. E desde ese ano foise mellorando a oferta educativa até facer do IES Isidro Parga Pondal un centro de referencia comarcal na educación para persoas adultas (ESPA) e bacharelato de adultos, modalidade presencial.

Entendemos a educación de adultos como unha tarefa continuadora e permanente na vida das persoas. As ensinanzas de adultos deben posibilitar o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado e atender preferentemente aqueles grupos ou sectores sociais con carencias e necesidades de formación.

Oferta educativa

- **Ensinanzas básicas iniciais (EBI)**
 - Nivel 1, ou de alfabetización para adquirir habilidades básicas de escritura lectura e cálculo.
 - Nivel 2, ou de consolidación de coñecementos e habilidades.

Horario: 12 horas semanais entre as 16:15h e 22h

- **Ensinanzas conducentes a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.**
 - Primeiro ano: módulo 1 (1º cuadrimestre) e módulo 2 (2º cuadrimestre).
 - Segundo ano: módulo 3 (1º cuadrimestre) e módulo 4 (2º cuadrimestre)

Horario: 20 horas semanais entre as 16:15h e 22h de luns a xoves.

- **Bacharelato de adultos**
 - 1º e 2º de bacharelato: Ciencias e Humanidades e CCSS

Horario: entre as 16:15h e 22h

- **Aula Mentor**

Características do alumnado

Na ESPA e bacharelato de adultos percíbense dous grupos de alumnado.

- 1) Alumnado que procede cunha marxe mínima de tempo do sistema ordinario, non emancipado do contorno familiar.
- 2) Alumnado que retoma os estudos anos despois de telos abandonado. Persoas cuns ingresos baixos e con necesidades de mellorar o seu nivel académico e cultural para ter maiores posibilidades de éxito no mundo laboral.

Motivacións do alumnado

- Na EBI a motivación máis frecuente é acceder a unha formación básica da que se viron privados na súa nenez e adolescencia. A media de idade é alta e, en xeral, non proseguen os estudos.
- Na ESPA hai dous perfís e motivacións diferentes. O alumnado que procede do sistema ordinario, que busca o título para acceder a un ciclo formativo. E por outro lado, e dun xeito crecente, están as persoas adultas que deciden continuar os seus estudos para promocionar no seu traballo ou simplemente mellorar o seu nivel cultural. Nestes tres últimos anos nótase o incremento de alumnado procedente das probas libres da ESO que ten algún ámbito pendente e opta polo ensino presencial.
- O alumnado de bacharelato ten dúas motivacións principais. Acceder a un ciclo formativo superior ou conseguir a titulación necesaria, ben para promoción ben para poder presentarse a algún proceso selectivo convocado pola Administración. Unha porcentaxe escasa preséntase ás ABAU e continúa estudos universitarios.

Liña metodolóxica

A organización e a metodoloxía da educación de adultos basearase na auto aprendizaxe en función das experiencias e intereses do alumnado. A finalidade é acadar os catro principios que marcara a UNESCO: aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos e aprender a ser. A liña metodolóxica do centro estará condicionada polo nivel educativo, polo número de

alumnos/as que asisten ás aulas e mesmo pola distribución e carga horaria das materias e ámbitos.

En bacharelato de adultos a oferta de materias, xa reducida pola propia Consellaría, debe combinar os intereses do alumnado cos recursos humanos e materiais do centro, sobre todo coa dispoñibilidade horaria do profesorado. O alumnado é máis de materias que de cursos, por iso non existe a figura de materia pendente. Non se pode falar de promoción senón unicamente de finalizar os estudos cando se teñan superadas todas as materias que a lexislación vixente establece.

Formulación xeral de obxectivos

- **Obxectivos xerais**

- Prestar servizos educativos e culturais que contribúan a formación xeral das persoas adultas.
- Formación para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Formación para facilitar o acceso e promoción no mundo laboral.
- Proporcionarlle hábitos, destrezas e técnicas de traballo que permitan ao adulto ser autónomo nos procesos de aprendizaxe posteriores.
- Aumentar a autoestima do alumnado.
- Desenvolver o sentido crítico e análise da realidade e lograr a integración e participación social activas.
- Despertar no alumnado interese e estima pola realidade cultural e lingüística.

- **Obxectivos académicos**

- Que o alumnado desenvolva e consolide hábitos de estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Que o alumnado desenvolva ou consolide ao espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Que o alumnado entenda a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos



pobos a súa identidade.

- o Que o alumnado valore as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudábeis

6.6 Obxectivos xerais da Aula Mentor

O Marco Estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación ([ET 2020](#)) establece que a aprendizaxe permanente debe considerarse un principio fundamental que sustenta todo o marco, e debe abarcar a aprendizaxe en todos os contextos (formal, non formal e informal) e en todos os niveis e modalidades. Por iso, establécese como obxectivo que *“un 15% como mínimo dos adultos tería que participar na aprendizaxe permanente”*.

Para axudar a acadar este obxectivo, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte de España en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e outras entidades públicas desenvolven **Aula Mentor** (www.aulamentor.es), un sistema de formación aberta, libre e a través de Internet que ofrece un catálogo de máis de 150 cursos en permanente actualización.

O noso centro dispón desde o ano 2008 dunha das 450 aulas Mentor existentes en todo o territorio nacional e ten como área de influencia a Comarca de Bergantiños constituída por unha poboación de preto de 70.000 habitantes.

O obxectivo último é mellorar a **calificación profesional** das **persoas adultas**, ampliar a súa **cultura** e promover o **desenvolvemento das súas capacidades**, utilizando contornas de formación apoiados nas tecnoloxías da información e da comunicación. Ofrécese así alternativa en materia de formación á poboación adulta que non ten oportunidade de asistir á oferta presencial ou que polo ritmo de aprendizaxe e dedicación require un sistema totalmente flexible non suxeito nin a horarios nin a prazos de ningún tipo.

Para garantir a calidade dos cursos, planifícase un sistema de control, avaliación e análise da actividade de alumnos, titores, aulas e o mesmo sistema, que permite a continua actualización e perfeccionamento de todos os elementos e actuacións no modelo de formación.

O nivel de satisfacción dos alumnos da nosa aula é moi positivo. Na última enquisa realizada en febreiro de 2018 a totalidade dos alumnos enquisados recomendarían os nosos cursos a un

coñecido. O que concorda coas enquisas oficiais que realiza todo alumnado ao rematar un curso cunha nota de 4,6 puntos sobre 5.

A evolución da matrícula sitúase entre os 40-60 alumnos anuais, e o perfil máis frecuente é dunha muller de entre 25 e 45 anos. Aínda así, entendemos que a marxe de crecemento é moi ampla.

Un dos **obxectivos a curto prazo** mais importante para os vindeiros anos é a **promoción** dos cursos na comarca. Para recoñecer os métodos máis eficaces fíxose unha enquisa entre antigos alumnos, atopando que as formas de contacto máis frecuentes foron o *boca a boca* (45%), os servizos de orientación (25%) e a páxina Web da Aula (25%).

Atendendo aos datos anteriores, parece razoable potenciar a difusión:

- Distribuindo trípticos e carteis informativos especialmente en bibliotecas, asociacións, concellos, etc.
- Informando de xeito directo aos responsables da orientación académica e laboral nos diferentes concellos da comarca.
- Mantendo actualizada a páxina web e promocionándoa en buscadores e dinamizando nas redes sociais: Facebook, Google+ e LinkedIn.

Outro obxectivo a curto prazo a ter en conta é a **redución do nivel de abandonos**, actualmente próximo ao 20%. Este é un problema común a todas as Aulas Mentor tal e como se manifestou nas diferentes xuntanzas de administradores mantidas nos últimos anos en Toledo (marzo 2013) e en Santiago de Compostela (Maio 2017). A principal causa dos abandonos adoita ser a incapacidade dos alumnos de compaxinar o estudo co traballo e outras obrigas.

Para paliar este aspecto continuarase incidindo no asesoramento inicial e no contacto regular co alumnado:

- Avaliando as capacidades do alumno antes de matricularse nun curso.
- Mellorando a comunicación con aqueles alumnos que non asisten regularmente á aula, mantendo contacto periódico mediante correo electrónico.
- Fomentando a subscripción dos alumnos activos a algunha das redes sociais coas que traballa a nosa aula.

7 Sistema de participación

A participación democrática canalízase a través dos órganos e asociacións do centro: consello escolar, CCP, xunta de delegado/as, asociacións de alumno/as e ANPA.

7.1 Na aula

O alumnado está distribuído en grupos, os cales elixen democraticamente a un/unha delegado/a e un/unha subdelegado/a de aula. Todos os delegados/as se integran na xunta de delegados/as. Esta deberá ser escoitada polos órganos de goberno do centro cando así o solicite. Así mesmo, os delegados/as de clase poden ser convocados/as pola Xefatura de Estudos para unha reunión sobre temas puntuais. A xunta de delegados/as supón un órgano decisorio que favorece a participación do alumnado na xestión do centro, tendo catro representantes no consello escolar.

As reunións de alumno/as e delegados/as poden ser realizadas sempre que así o desexen mentres non alteren o normal desenvolvemento das actividades académicas. Serán moi axeitadas para poder organizar as actividades extraescolares.

7.2 Departamentos e Comisión de Coordinación Pedagóxica

Os diferentes departamentos deberían reunir unha vez á semana a todos os seus membros en horario escolar, agás os constituídos por un só membro que o faría unha vez ao mes.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica (**CCP**), que reúne os/as xefes/xefas dos respectivos departamentos convocase mensualmente. A CCP está formada polo director, xefes de estudo, vicedirector/a, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (**EDLG**), Coordinador/a de Formación de Centros de Traballo (**CFCT**), departamentos didácticos e departamento de Orientación.

7.3 Niveis de coordinación

A coordinación por niveis establecerase a través das seguintes reunións ou xuntanzas:

- I. Reunión semanal de titores/as de cada nivel (1º, 2º, 3º, 4º da ESO e ás veces 1º e 2º de bacharelato). O/a coordinador/a ten unha hora de reunión co profesor acompañante para un correcto seguimento do programa.
- II. Así mesmo e segundo as necesidades académicas ou disciplinarias o esixan, os equipos docentes reúnen no tempo de recreo previa convocatoria dos mesmos.



- III. As xuntas de avaliación ás que o profesorado correspondente é convocado nunha primeira sesión de avaliación inicial e nas restantes sesións correspondentes a cada trimestre.
- IV. A reunión da CCP celebrárase segundo convocatoria do director/a.
- V. As reunións do Observatorio de convivencia que estará aberto á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.
- VI. A reunión do equipo de mediación escolar, unha vez formalizada a solicitude voluntaria de mediación por parte do alumno/a no departamento de Orientación ou porque as necesidades do equipo así o determinen. Este equipo está constituído por todas as persoas formadas a tal efecto entre o profesorado, alumnado, pais/nais e a asociación Vieiro, tendo como obxectivo, entre outros, fomentar a participación e implicación dos axentes da comunidade educativa nas iniciativas de mellora de convivencia.
- VII. O EDLG, que está formado por tres profesores, dos alumnos e dos membro do persoal non docente. Presenta entre os seus obxectivos coordinar actividades (teatro, saídas culturais, etc.) en colaboración con outros departamentos, co fin de potenciar e dinamizar a lingua galega. As reunións deste grupo son realizadas a petición dos membros e segundo a necesidade o demanda.

7.4 Tutoría

O centro contempla unha acción titorial que abrangue os obxectivos xerais e as liñas de acción titorial que están regulados no artigo 59º do [DECRETO 324/1996 do 26 de xullo](#), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Entre os obxectivos do centro salientáanse os relacionados co fomento das relacións positivas entre alumnado e profesorado, a coordinación do equipo docente, o asesoramento e orientación ás familias e alumnado, o impulso da participación na dinámica do centro, a coordinación da orientación que responda ás necesidades do centro e a educación en temas como a paz e demais temas transversais contemplados nas programacións didácticas.

Os responsables da acción titorial deben ser:

- O profesorado de área: Todo profesor/a deberá contribuír á acción titorial no exercicio das súas funcións docentes.

- A CCP: ao inicio de curso deberá realizarse a elaboración de programas concretos, propostas e itinerarios formativos a incluír no PAT.
- A Xefatura de Estudos: Supervisará a elaboración do PAT e coordinará a acción dos titores, facilitando a organización do alumnado.
- O Departamento de Orientación: Elabora o PAT, asesora e colabora co profesorado e cos titores/as e as institucións externas (Vieiro) e coordínase cos servizos sociais nos casos de absentismo escolar.

O titor/a é o encargado/a, entre outras funcións, de supervisar a asistencia e o proceso educativo dos seus alumnos/as, de manter informados os pais, de coordinar o equipo educativo do seu grupo e de levar a cabo a orientación académica e profesional xunto co departamento correspondente. Manterá unha reunión semanal cos seus alumnos/as e outra no seu horario para recibir ós pais/nais que así o desexen. Ademais, ao comezar o curso, o titor deberá convocar os pais e nais do alumnado que ten asignado á súa titoría a unha reunión de información de aspectos xerais.

7.5 O departamento de Orientación

Está regulado polo [Decreto 120/1998 do 23 de abril](#), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Abrangue aos centros de primaria adscritos a este centro.
- Entenderase como un elemento de continuidade en todas as etapas, tanto de educación infantil e primaria como de ESO.
- Garantirá a orientación como parte esencial da actividade educativa e vía de asesoramento permanente ao profesorado e ás familias.

Está formado por:

- O xefe/a de departamento de Orientación dos CEIP adscritos.
- Un titor/a do ámbito lingüístico-social e un titor/a do ámbito científico/tecnolóxico de diferentes niveis educativos.
- Un profesor de FOL.

As súas funcións están recollidas no artigo 6º do Decreto citado. Xunto con estas, destacan as atribuídas no marco da LOE, que son:

- Asesorar e colaborar no desenvolvemento Plan de Convivencia do centro.
- Arbitrar as medidas de atención á diversidade.

8 Addendas

8.1 Criterios de promoción e titulación para o curso 2019/2020

Por mor so COVID19 o curso 2019/2020 veuse modificado nos seus plantexamentos. Por iso e a instancias da autoridade competente modificáronse os criterios de promoción e avaliación para o curso:

8.1.1 Criterios de promoción

A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional, que non estará baseada unicamente no número de materias non superadas (punto 7.5 do apartado DIRECTRICES XERAIS das [instrucións de 27 de abril](#)).

1. Na convocatoria de xuño promocionará o alumnado que supere todas as materias.
2. Na convocatoria extraordinaria de setembro, promocionará todo o alumnado excepto os que cumpran as seguintes condicións:
 1. Que no período anterior a suspensión da actividade académica presencial o alumnado non amosase avances significativos e razoables na adquisición das competencias clave.
 2. Que durante o período de carentena, o alumno ou alumna non realizase as tarefas por causa non xustificada ou, de ser o caso, non superase as probas de recuperación indicadas polo profesorado, segundo a addenda de cada materia.
 3. Que en setembro non amosen interese polas materias, ben porque non se presenten á convocatoria extraordinaria, ben porque presentándose non acaden un desenvolvemento esencial nas competencias clave, ou ben porque tendo unha media inferior a 5, teña 4 ou máis materias por debaixo dun 3.

8.1.2 Criterios de titulación

A titulación do alumnado non poderá verse prexudicada polo cambio na metodoloxía na aprendizaxe non presencial. Os centros educativos revisarán e flexibilizarán os criterios de titulación en todas as etapas educativas (punto 7.5 do apartado DIRECTRICES XERAIS das [instrucións de 27 de abril](#))

En 4º de la ESO:

- Na titulación en 4º ESO terase en conta o indicado nos Apartados 3.12 e 3.13 do apartado DIRECTRICES ESPECÍFICAS POR ENSINANZAS das [Instrucións do 27 de abril](#).
- Na convocatoria de xuño titularán aqueles alumnos/as que superen todas as materias e que ademais cumpran as condicións de promoción.
- Na convocatoria de setembro titulará aqueles alumnos/as que teñan un 5 ou superior de media, independentemente do número de materias suspensas, e que non teñan 3 ou máis materias por debaixo de 3 puntos e que ademais cumpran as condicións de promoción; sen menos cabo da posibilidade dunha votación positiva da xunta de avaliación.

En 2º de bacharelato

- Na Titulación en 2º de Bacharelato terase en conta o indicado nos Apartado 4 do apartado DIRECTRICES ESPECÍFICAS POR ENSINANZAS das [Instrucións do 27 de abril](#).
- En xuño titulará aquel alumnado que **con 1 materia suspensa** teñan unha media igual ou superior a 5 nas materias troncais e troncais de opción e que ademais cumpran as condicións de promoción. En caso de dúbida, abrírase a posibilidade da votación da xunta de avaliación.
- Na convocatoria extraordinaria de setembro titulará aquel alumnado que **con 1 materia suspensa** teñan unha media igual ou superior a 5 nas materias troncais e troncais de opción e que ademais cumpran as condicións de promoción. En caso de dúbida, abrírase a posibilidade da votación da xunta de avaliación.